



Dirección: Sonia Díaz e Óscar Vázquez (Agareso). **Guión:** Sonia Díaz. **Produción executiva:** Lorena Seijo, Sonia Díaz, Antía Pérez Caramés e Luzia Oca González. **Colaboración no guión:** Antía Pérez Caramés (UDC), Belén Fernández Suárez (UDC), Keina Espiñeira González (UDC), Luzia Oca González (USC), Iria Vázquez Silva (UVigo), Óscar Vázquez e Lorena Seijo.



O documental, que parte dunha investigación desenvolvida por expertas en migracións e xénero das tres universidades galegas, retrata a importancia que ten o traballo das mulleres migrantes na supervivencia e no benestar das súas familias, na localidade galega de Burela e na illa caboverdiana de Santiago.

Vémolas cociñar, limpar, atender maiores e crianzas tanto nas súas localidades de orixe como na sociedade de destino, a galega, e comprendemos o impacto que ten nas súas vidas a ausencia dos homes neses labores. Son elas tamén as que organizan o tráfico dos afectos, as chamadas, os envíos de *remesas* e de *encomendas*. As que aforran para un futuro de ensoño no que poder descansar despois de tantos traballos. En Burela ou en Caboverde.

O documental permítenos tamén acompañar a unha das súas protagonistas, Ziza, no camiño de volta dende Burela ata Cabo Verde. Con ela, comprendemos a dor irreparable que causa vivir dende a distancia a enfermidade e a morte dun ser querido.

FALADOIRO

Si ka badu, ka ta biradu *Se non marchas, non podes volver*

documental sobre a emigración de Cabo Verde a Galicia das mulleres caboverdianas e o seu esforzo coidador de ida e volta

Martes, 9 maio 2023

ás 19:00

Presenta:

Iria Vázquez Silva

profesora de socioloxía na UVigo e integrante do equipo de investigación

